



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE: 119.

DENOMINACIÓN:

Expedientes preparatorios da reunión do Consello da Xunta (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

FUNCIÓN:

Alta Dirección da Comunidade Autónoma. Goberno da Comunidade Autónoma.

ÓRGANO PRODUTOR:

Consellería da Presidencia. Secretaría Xeral Técnica (22-01-1982/02-03-1986).

Consellería da Presidencia. Secretaría Xeral Técnica e de Relacións Institucionais (03-03-1986/18-11-1986).

Consellería da Presidencia. Secretaría Xeral Técnica (19-11-1986/15-10-1987).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral Técnica (16-10-1987/12-12-1993).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral (13-12-1993/17-12-2001).

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

Alta Dirección da Comunidade Autónoma. Goberno da Comunidade Autónoma.

119: Expedientes preparatorios da reunión do Consello da Xunta (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

galicia

Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
Secretaría Xeral (18-12-2001/11-08-2005).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría
Xeral (12-08-2005/02-02-2011).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría
Xeral Técnica (03-02-2011/06-12-2012).

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
Secretaría Xeral Técnica (07-12-2012/).

DATAS EXTREMAS:

No Arquivo de Galicia: 1982/2001.

CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: textual.

SOPORTE: papel

FORMATO: carpetiña

FORMA: Orixinal

VOLUME: 15 u.i./2,4 m



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Son expedientes xerados no proceso de preparación da reunión do Consello da Xunta nas súas sesións de Goberno. A súa finalidade é proporcionar a cada conselleiro a información necesaria que precisa en relación con aquela.

Corresponde á Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia exercer as funcións de Secretaría de Goberno: convocar as reunións, elaborar a orde do día, preparar os expedientes que se elevarán a acordo do Consello, redactar as actas da reunión, remitir as propostas a cada consellería e enviar os proxectos de lei ao Parlamento de Galicia.

Para a elaboración da orde do día teranse en conta as propostas formuladas polas consellerías cos asuntos que, vistos na Comisión de Secretarios, obtivesen a súa conformidade, e aqueles outras que decida o conselleiro da Presidencia segundo o regulamento do Consello (Decreto 57/1994).

LEXISLACIÓN:

Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente. (DOG núm. 23 do 21 de marzo).

Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o regulamento do réxime interno da Xunta. (DOG núm. 141 do 24 de xullo).

Decreto 402/1987, do 15 de outubro, polo que se dispón a incorporación á Comisión de Secretarios Xerais Técnicos do Secretario Xeral da Presidencia e do Secretario Xeral da Vicepresidencia. (DOG núm. 215, do 9 de novembro).

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

Alta Dirección da Comunidade Autónoma. Goberno da Comunidade Autónoma.

119: Expedientes preparatorios da reunión do Consello da Xunta (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente. (DOG núm. 208, do 28 de outubro).

Decreto 57/1994, do 25 de marzo, polo que se modifican determinados artigos do regulamento do réxime interno da Xunta de Galicia aprobado polo decreto 111/1984. (DOG núm. 63, do 4 de abril).

PROCEDEMENTO:

- Remisión da convocatoria da reunión, da orde do día e da copia dos expedientes que se someterán á decisión do Consello, desde a Secretaría de Goberno (Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia) ás consellerías.

O Consello será convocado polo presidente da Xunta. Á convocatoria se xuntará a orde do día, conformada polo secretario de acordo coas instrucións do presidente e serán remitidas ao resto das consellerías antes das 14 horas do día anterior á reunión do Consello

A copia dos extractos dos expedientes para acordos farase utilizando un modelo normalizado pola Consellería de Presidencia. Nel se recollen os acordos adoptados na Comisión de Secretarios Xerais Técnicos, coas datas da reunión da Comisión.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:

- o Convocatoria da reunión dirixida aos secretarios xerais das consellerías para o seu reparto aos conselleiros respectivos.

Corren unidas:

- Orde do día. A maior parte son copias.
- Propostas das respectivas consellerías. Copias

- o Copias dos extractos do expediente para o Consello dos acordos adoptados na Comisión de Secretarios Xerais Técnicos, enviadas polo Secretariado do Goberno.

- o Oficio de remisión da acta da reunión dos secretarios xerais técnicos
Corre unida: acta. Orixinal

ORDENACIÓN

Cronolóxica

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

Deixan constancia da actividade de preparación das reunións do Consello da Xunta. A súa vixencia teórica establécese nos catro anos que dura unha lexislatura.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Deixan constancia dun mandato legal e constitúen e conteñen proba da actividade realizada e dos acordos acadados na reunión de secretarios xerais técnicos. Pero este valor vese moi reducido pola existencia doutra serie principal.

VALOR INFORMATIVO-HISTÓRICO:

Reflicten, por unha banda, o funcionamento do máximo órgano do Goberno e da Administración de Galicia e, por outro, achegan valiosa información sobre os acordos tomados nun órgano subordinado como a Comisión de Secretarios Xerais Técnicos. Pero este valor vese moi reducido pola existencia doutra serie principal.

Expedientes das reunións da Comisión de Secretarios Xerais Técnicos.

SERIES PRECEDENTES:

SERIES RELACIONADAS:

Expedientes de reunións da Comisión de Secretarios Xerais Técnicos.

SERIES PARALELAS:

Expedientes preparatorios da reunión do Consello da Xunta nas diferentes consellerías.

SERIES SUBORDINADAS/PRINCIPAIS:

Expedientes das reunións do Consello da Xunta de Galicia.

SERIES DUPLICADAS:

SERIES DESCENDENTES



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

SERIES COMPILADORAS:

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Arquivo Central: 1 ano.

RÉXIME DE ACCESO:

Restringido, segundo o artigo 37.a), da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ÁREA DE SELECCIÓN

Referencias ao ditaminado por outras comisións de valoración.

Proposta:

Eliminación total aos 5 anos no Arquivo Central.

ÁREA DE NOTAS

- DENOMINACIÓN. Custódiense no Arquivo de Galicia series paralelas correspondentes ás consellerías de Cultura, Economía e Facenda, Educación, Industria, Medio Ambiente, Medio Rural e do Mar, Política Territorial, Presidencia, Relacións Institucionais, Sanidade ou Traballo e Benestar.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- CARACTERES EXTERNOS. Forma: hai moi pouca documentación orixinal. Na maior parte da serie unicamente se conservan orixinais as actas da comisión dos Secretarios Xerais Técnicos, informes, ordes do día, e algún oficio de remisión.

Volume: Hai catro caixas que foron incluídas nesta serie pero conteñen documentación dos Consellos da Xunta Preautonómica (caixas 2604, 2606, 2611 e 2612), ademais de dúas que comparten documentación, tanto da Xunta autonómica como da preautonómica (caixas 2602 e 2605)

- PROCEDEMENTO. Polo xeral as sesións do Consello da Xunta celébranse os xoves de cada semana.

ÁREA DE CONTROL

Data de elaboración: abril de 2011.

Data de revisión: febreiro de 2013.